





Solenopsora holophaea (Mont.) Samp.

Vive nas rochas silícias lixeiramente abrigadas ou en fendas, en cantís verticais costeiros (fotos 1, 2, 3) e tamén pode atoparse no solo.

O talo é de tipo escuamuloso, é dicir, formado por pequenas escamas de cor verde olivácea cando están hidratadas (fotos 1, 2, 3) e de tonalidade marrón cando están secas (foto 4), son redondeadas, de cóncavas a planas, contiguas ou imbricadas, teñen as marxes de enteiras a crenuladas. Apotecios lecanorinos, de 0,5 a 1,3 mm de diámetro, con disco plano a convexo (fotos 3, 4, a) de marrón claro a escuro e marxen talino liso (fotos 3, 4, b) que finalmente desaparece. Ascósporas uniseptadas, hialinas, elipsoides-elongadas a lixeramente fusiformes, 12-17 x 2,5-3 µm.

Fotobionte: Algas verdes.

Reaccións: negativas no talo e na médula.